

Convenio colectivo da Empresa Ojea, S.A. (Anos 2004-2005)¹

Artigo 1º.-Unidades de negociación.

A representación das partes que negociaron, aprobaron e subscribiron o texto deste convenio estivo constituída da seguinte forma:

Pola parte económica: Carlos Enrique Pino González, como xerente da empresa.

Pola parte social: Moisés Legerén Salgado, delegado de persoal.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regulará as relacións laborais da Empresa Ojea, S.A., afectando a todo o persoal pertencente actualmente ao cadro de persoal, así como aos traballadores que ingresen durante a súa vixencia.

Artigo 3º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o día da súa publicación no diario oficial correspondente, aínda que os seus efectos económicos se retrotraerán ao 1 de

abril de 2004. Afectará ao persoal que se encontre en alta na empresa na data da súa aprobación.

Artigo 4º.-Duración.

A duración deste convenio será de dous anos, é dicir, ata o 31 de marzo de 2006, prorrogándose tacitamente por períodos anuais, salvo denuncia de calquera das partes, con tres meses de antelación, polo menos, á data da súa terminación. A dita denuncia farase por escrito dirixida á outra parte afectada polo convenio.

Transcorrido un ano de vixencia da táboa salarial, procederase á súa revisión, establecendo os salarios para 2005 (ata o 31 de marzo de 2006), de acordo co incremento do IPC previsto polo Goberno máis 1%.

Artigo 5º.-Compensación e absorción.

As melloras contidas neste convenio unicamente poderán absorberse ou compensarse por aquelas melloras legais ou regulamentarias que no futuro se establezan, consideradas en cómputo global e anual.

Artigo 6º.-Soldos e salarios.

O persoal afectado por este convenio, segundo as categorías, rexerese, para o período do 1 de abril de 2004 ao 31 de marzo de 2005, pola táboa salarial anexa.

Para o segundo ano de vixencia do convenio, aplicarase o especificado no artigo 4º.

Artigo 7º.-Gratificacións extraordinarias.

As gratificacións extraordinarias do ano aboaranse na contía de trinta días e serán calculadas sobre a táboa salarial que corresponda, máis antigüidade, de ser o caso. Denominaranse 25 de xullo, Nadal e beneficios, e faranse efectivas antes do 22 de xullo, 22 de decembro e 15 de marzo, respectivamente.

Artigo 8º.-Traballos nocturnos.

As horas traballadas durante o período comprendido entre as dez da noite e as seis da mañá terán unha retribución específica incrementada nun 25% sobre o salario base.

Exclúese do cobramento do expresado suplemento o persoal que realice a súa función durante a noite e que fose contratado para esta clase de traballo.

¹ Publicado no DOG núm. 122, do 25 de xuño de 2004.

Artigo 9º.-Condutores perceptores.

O condutor perceptor, cando desempeña simultaneamente as funcións de condutor e cobrador, percibirá, ademais da remuneración correspondente á súa categoría, un complemento salarial por posto de traballo igual ao 20% do seu salario base por cada día en que se realicen ambas funcións, salvo que estas funcións se leven a cabo por tempo inferior ou igual a tres horas, caso en que se percibirá ese complemento polo menos en proporción a elas.

Artigo 10º.-Complemento de domingos e festivos.

O persoal que por necesidades da empresa deba traballar en domingos e festivos durante máis de

catro horas percibirá un complemento de 25 euros por xornada completa, con independencia do descanso compensatorio. Polo contrario, non terán dereito a este complemento establecido neste artigo aqueles traballadores que non realicen máis das catro horas sinaladas.

Artigo 11º.-Axudas de custo.

O persoal que saia da súa residencia por causas do servizo terá dereito á percepción dunha indemnización polos gastos que se lle orixinen, que recibirá o nome de axuda de custo.

No caso de que non se traslade en vehículo da empresa, terá dereito a que se lle aboe o importe de segunda clase, con dereito a liteira, se a viaxe fose nocturna.

O importe das axudas de custo para o primeiro ano será o que a continuación se reflicte:

1. Galicia: 31,50 euros axuda de custo completa, repartida en 8,5 euros a comida, 8,5 euros a cea e 14,5 a pernoita.
2. Territorio nacional e Portugal: 37 euros axuda de custo completa, repartidas en 10 euros a comida, 10 euros a cea e 17 euros a pernoita.
3. Restantes países europeos: 68 euros a axuda de custo completa, repartida en 18 euros a comida, 18 euros a cea e 32 euros a pernoita.

Para o segundo ano de vixencia incrementaranse de acordo co IPC previsto polo Goberno máis 1%.

A empresa terá a facultade de asumir o pagamento de aloxamento e comida do traballador en substitución de axudas de custo.

Artigo 12º.- Xornada de traballo.

A xornada semanal ordinaria de traballo será de 40 horas efectivas para todo o persoal, de acordo co Estatuto dos traballadores, Real decreto 1561/1995. A xornada anual ordinaria será de 1.826 horas e 27 minutos de traballo efectivo. Cando a súa distribución supoña a superación das 40 horas semanais, o control e cómputo da xornada verificarase trimestralmente en termos de media. Cando por razóns obxectivas sexa necesario, as partes negociarán outros sistemas de cómputo e control, respectándose en todo caso o tempo máximo de xornada ordinaria anual mencionada anteriormente.

Para efectos de xornada, será de aplicación o disposto no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, e demais normas específicas para o sector do transporte.

Artigo 13º.-Vacacións.

O período anual de vacacións será de 30 días naturais, que se desfrutarán en dous períodos de 15 días, nas datas que acorden empresario e traballador, segundo as necesidades da empresa, un dos cales se desfrutará preferentemente nos meses de verán.

Artigo 14º.-Traballo en domingos e festivos.

Os domingos e festivos se, por excepcional necesidade da empresa, o traballador non puidese desfrutar do seu descanso neses días, farao dentro da semana seguinte, sinalándose o día con anterioridade, ou cobrarao co incremento establecido na lexislación vixente.

Artigo 15º.-Horas extraordinarias estruturais.

Consideraranse horas extraordinarias estruturais as que se realicen con ocasión de accidentes ou para solucionar necesidades urxentes e prementes que veñan exixidas de inmediato polo servizo, as que obedecen a períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quenda e outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da propia natureza da actividade de transportes.

Artigo 16º.-Cadernos de control.

Todo o persoal, traballe ou non horas extraordinarias, será provisto dun caderno individual ou de ficha de control, na cal se irán anotando aquelas, así como as sucesivas liquidacións que se fagan.

Artigo 17º.-Licenzas e permisos.

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

1. Quince días naturais no caso de matrimonio.
2. Dous días nos casos de nacemento de fillo ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de catro días.
3. Un día por traslado do domicilio habitual.
4. Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, observarase o que esta dispón en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do vinte por cento das horas laborables nun período de tres meses, poderá a empresa pasar o traballador afectado á situación de excedencia regulada no punto 1º do artigo 46 do Estatuto dos traballadores.

No suposto de que o traballador por cumprimento do deber ou desempeño do cargo perciba unha indemnización, descontarase o importe desta do salario a que tiver dereito na empresa.

5. Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

Artigo 18º.-Cesamentos.

Todo empregado terá dereito a rescindir o seu contrato de traballo, sen estar obrigado a alegar as causas da súa determinación.

Para iso, o persoal comunicará á dirección da empresa a data do seu cesamento cunha antelación

mínima de quince días, excepto para o persoal non cualificado, para o cal o aviso previo será de oito días.

Cando un traballador pretenda a rescisión do contrato, deberá seguir prestando os seus servizos mentres non transcorran os prazos sinalados neste artigo.

O abandono do posto de traballo, sen que transcorresen os prazos sinalados, penalizarase cunha sanción económica equivalente ao salario base dos días que falten desde o abandono do servizo ata a data en que, cumprido o trámite de aviso previo, correspondese o cesamento.

Artigo 19º.-Excedencias.

A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa. A forzosa, que dará dereito á conservación do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, concederase pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso deberá solicitarse dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público.

O traballador, con polo menos unha antigüidade na empresa dun ano, ten dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor de dous anos e non maior de cinco. Este dereito só poderá exercelo outra vez o traballador, se transcorresen catro anos desde o final da anterior excedencia.

Así mesmo, poderán solicitar o seu paso á situación de excedencia na empresa os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

O traballador excedente conservará só o seu dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houbese ou se producisen na empresa.

Artigo 20º.-Uniformes.

Cumprirase pola empresa e o traballador canto se refire á uniformidade, de acordo co que se determinaba na ordenanza laboral para as empresas de transporte por estrada.

Artigo 21º.-Seguro de accidente laboral.

A empresa contratará, totalmente ao seu cargo, un seguro colectivo a favor dos seus traballadores, por un capital asegurado de 21.035,42 euros, que cubra os riscos de morte, invalidez total, absoluta ou gran invalidez, de acordo coa normativa da Seguridade Social, que derivan de accidente de traballo ao servizo da empresa.

Artigo 22º.-Retirada de carné de conducir.

No caso de que por resolución administrativa ou resolución xudicial firme se produza a retirada do carné de conducir a un condutor por un período non superior a 60 días, durante a vixencia do convenio e conducindo un vehículo da empresa para a que preste os seus servizos, esta comprométese a lle facilitar ao produtor afectado o posto de traballo máis idóneo, de acordo coa súa categoría profesional.

Artigo 23º.-Pagamento de multas.

As multas por infracción de tráfico imputables á culpa ou imprudencia do traballador serán aboadas por este. No caso contrario, serán aboadas pola empresa.

Artigo 24º.-Acción sindical.

Neste punto observarase o que dispón o Estatuto dos traballadores e a Lei de liberdade sindical.

Artigo 25º.-Comisión paritaria.

Para a interpretación e cumprimento das cláusulas deste convenio e en xeral para entender en cantas cuestións deriven da súa aplicación, establécese unha comisión paritaria, integrada polo representante dos traballadores, signatario do convenio e polo representante da empresa.

Artigo 26º.-Indivisibilidade.

As condicións pactadas neste convenio forman un todo orgánico e indivisible e, para efectos da súa aplicación práctica, serán consideradas na súa totalidade.

Artigo 27º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non expresamente previsto neste convenio observarase o disposto na lexislación vixente para as empresas de transporte por estrada.

Ponteareas, 10 de maio de 2004.

Táboa de salarios (1-4-2004 ao 31-3-2005)

Categoría	Euros
Xefe administrativo (de sección)	826
Oficial primeira administrativo	707,15
Oficial segunda administrativo	648
Auxiliar administrativo	615,50
Oficial primeira taller	24,68
Oficial segunda taller	23,40
Conductor	23,43
Conductor-perceptor	23,43
Cobrador	19,80
Inspector	22,90